

A ADMINISTRACIÓN RACANEA OS DÍAS DE ASUNTOS PROPIOS

Logo de que, ma maioría dos casos, se teña prestado mais de 30 anos de servizos; cando chega a hora de xubilarse, a administración fai unha interpretación restritiva ao respecto dos días de asuntos propios que corresponden.

A pesares de que a normativa non establece nada ao respecto (contrariamente ao que si fai no suposto dos días de vacacións), a administración insiste en que os días de asuntos propios que autoriza serán proporcionais ao tempo traballado no ano en que toca xubilarse.

Xa se leva varios anos facendo esta interpretación, **coa que a CIG non concordamos**; e xa foron moitas as persoas que, non estando conformes, presentaron reclamación contra a resolución administrativa. Da información que dispomos ao respecto das sentenzas dos casos que se levaron aos tribunais, todos os fallos foron favorables aos demandantes; mesmo nalgún caso, como non puideron desfrutar dos días por estar xa xubilados, recoñecen o dereito a percibir unha compensación económica.

Para todas aquelas persoas que vos ides xubilar, e esteades no caso de que a administración non vos recoñece a totalidade dos días de asuntos propios correspondentes ao ano da xubilación; animámosvos a que presentedes a correspondente reclamación contra a resolución que restrinxo o voso dereito.